

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De acordo co Estatuto Marco, a que órgano lle corresponde a negociación colectiva das condicións de traballo do persoal estatutario?

- A) Ás Mesas xerais de negociación.
- B) Ás Mesas sectoriais de negociación.
- C) Ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- D) A ningún dos anteriores.

2. Conforme ao Decreto de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, cales dos seguintes cesarán en primeiro lugar, en virtude da incorporación na súa praza dun profesional estatutario fixo?

- A) O persoal temporal.
- B) O persoal en comisión de servizos en praza vacante.
- C) O persoal en promoción profesional temporal en praza vacante.
- D) O persoal docente e investigador, de menor a maior antigüidade.

3. De acordo coa Constitución española, a quen corresponde fomentar a educación sanitaria, a educación física e o deporte?

- A) Ás Administracións públicas.
- B) Ás Institucións da Unión Europea.
- C) Aos poderes públicos.
- D) A todos os anteriores.

4. NON é unha función do Servizo Galego de Saúde:

- A) A celebración de contratos de servizos sanitarios con organizacións, centros, servizos e establecementos, públicos e privados.
- B) A identificación e selección da carteira de servizos do Sistema público de saúde de Galicia.
- C) O desenvolvemento dos programas de actuación sanitaria.
- D) A xestión das prestacións farmacéuticas e complementarias que correspinda no ámbito das súas competencias.

5. De acordo coa Lei galega reguladora do consentimento informado e da historia clínica, cal dos seguintes é un procedemento válido para formalizar unha declaración de instrucións previas?

- A) Ante tres testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar, dous dos cales, como mínimo, non poderán ter relación de parentesco ata o segundo grao nin estar vinculados por relación patrimonial co outorgante.
- B) Ante dúas testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar, dos cales un, como mínimo, non poderá ter relación de parentesco ata o segundo grao nin estar vinculado por relación patrimonial co outorgante.
- C) Ante notario e coa presenza de tres testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar.
- D) Ante tres testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar, ningún dos cales poderá ter relación de parentesco ata o segundo grao nin estar vinculado por relación patrimonial co outorgante.

6. De acordo coa Lei de prevención de riscos laborais, que requisitos debe reunir unha traballadora embarazada para ausentarse do traballo?

- A) Ningún, dado que este é un dereito non sometido a ningunha limitación.
- B) Dar previo aviso ao empresario, so no suposto de incapacidade temporal por risco durante o embarazo.
- C) Xustificar a súa realización dentro da xornada de traballo, sen que a súa duración sexa superior a catro horas.
- D) Dar previo aviso ao empresario e xustificar a súa realización dentro da xornada de traballo, nos casos de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto.

7. De acordo coa Lei de saúde de Galicia, a quen lle corresponde a Presidencia do Servizo Galego de Saúde?

- A) Ao Presidente da Xunta de Galicia.
- B) Ao Xerente do Servizo Galego de Saúde.
- C) Á persoa titular da Consellería de Sanidade.
- D) A ningún, posto que dito órgano non está previsto na estrutura do Organismo.

8. De acordo co Estatuto Marco, cal das seguintes é unha situación do persoal estatutario fixo?

- A) A excedencia en virtude dun Plan de ordenación de recursos humanos.
- B) A excedencia voluntaria por participación en misións de cooperación internacional.
- C) A suspensión de funcións.
- D) A situación especial de Titularidade de reserva.

9. Indique o Título do Estatuto de Autonomía onde se recoñece e regula o réxime básico do Parlamento de Galicia.

- A) No Título Terceiro.
- B) No Título Segundo.
- C) No Título Preliminar.
- D) No Título Primeiro.

10. De acordo coa Lei xeral de sanidade, teñen dereito os usuarios a ser advertidos se un procedemento que se lles aplique vai ser utilizado en función dun proxecto docente ou de investigación?

- A) Si, cando se trate de procedementos de prognóstico.
- B) Si, cando se trate de procedementos de diagnóstico.
- C) Si, cando se trate de procedementos terapéuticos.
- D) Si, e en todos os casos anteriores.

Preguntas de reserva

1. Un dos seguintes **NON** está recoñecido como dereito fundamental pola Constitución española. Indique cal:

- A) A liberdade de residencia e de circulación polo territorio nacional.
- B) O dereito á protección da saúde.
- C) A liberdade de cátedra.
- D) O dereito de asociación.

2. De acordo coa Lei xeral de sanidade, a quen lle corresponde a competencia nas actividades derivadas do tráfico internacional de viaxeiros?

- A) Ao Estado e ás Comunidades Autónomas, con carácter compartido.
- B) Á Unión Europea, exclusivamente.
- C) Ao Estado e ás Administracións locais, con carácter compartido.
- D) Ao Estado, exclusivamente.